

Música: **NA VIRADA**
Letras: **VARIOS AUTORES**
Portada: **FRANCISCO PÉREZ PORTO**

Libro-disco. Encadernado en cartón
40 páxinas a toda cor. 22x22 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "Solaina". ISBN 978-84-8464-614-3

Prezo: 22 €

SOLAINA

Ese lugar especial e agarimoso da casa ou do eirado onde aquece o sol e a xente se aqueloutra para compartir afectos e ledicias, onde unha persoa se arrecunha cos seus sentimentos máis íntimos, onde paga a pena a contemplación demorada do abrente ou onde as crianzas se abeiran cos seus xogos e brincadeiras. E festa na solaina coa música de NA VIRADA.



"Solaina" é o novo traballo do grupo musical NA VIRADA, editado por KALANDRAKA, que contén doce temas inspirados en letras populares e de autores galegos, portugueses e brasileiros. Pensado para todos os públicos, non só o infantil, destaca o carácter lúdico, pedagóxico e educativo das composicións, a variedade instrumental, as ambientacións sonoras e a variedade de ritmos que contén o disco.

No prólogo do libro, Pilar García Negro alude ao concepto de 'fusión inter-artística' para describir este traballo de gran calado cultural, no que se mesturan a música, as cantigas, os textos explicativos de cada autor e a reprodución das fermosas pezas cerámicas elaboradas por Pérez Porto.

Cómpre salientar o traballo colectivo da banda en aspectos como os arranxos e maila harmonización, logrando o que Salvador Rodríguez califica no epílogo como 'maxia' atribuíble aos míticos 'menineiros, que fan sorrir aos nenos pequenos'. Participan artistas como Marcos Valcárcel (Cuba), Renato Spencer e Serginho Salas (Brasil), Samuel Yaô (Costa de Marfil), Virxilio da Silva (SOS Trío), Jorge Beltrán (Sinistro Total), Antonio López 'Castillo' (Acuña Jazz), Paco Chapela (Café Cachaça), Xosé M. Fernández (ex-Muxicas) e músicos de Xistra de Coruxo, entre outros.

O libro reborda galeguidade e lirismo, con poemas dos escritores galegos Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas, que lle cantan á paisaxe e á emigración; Xosé Lois García, Francisco X. Peña e Xosé Vázquez Pintor, que nos seus versos evocan a fantasía, a tradición e valores solidarios como a ecoloxía ou a educación en valores. A vertente lusa vén da man do poeta Fernando Pessoa e do músico José Mário Branco, con cantigas sobre infancia e liberdade. A influencia brasileira débese á versión que NA VIRADA fai dunha cantiga popular de roda.

FRANCISCO PÉREZ PORTO

Barallobre (Fene), 1938

Traballou en Astano como técnico ata que comezou a dedicarse á cerámica. Colaborou con Sargadelos no deseño e realización de diferentes pezas cerámicas e dirixindo o Curso Internacional de Verán nas Cerámicas do Castro. Realizou diversos monumentos, entre eles os dedicados a Castelao (Museo Carlos Maside), Rafael Dieste (Rianxo), á emigración (Ortigueira), ao pallaso (Fene), á pardela (Castelo de Santa Cruz) e a Alexandre Bóveda (A Coruña). Fixo exposicións en diversas localidades de Galicia, Portugal e Francia, nomeadamente a través da rede de Galerías Sargadelos. Actualmente dirixe a Escola Municipal de Cerámica de Ferrol.

NA VIRADA

María Xosé López (voz, zanfona, gaita, trécolas, bombo, pandeiro...), José Pumar (voz, frauta traveseira, acordeón, gaita...), Alexandre Ríos (piano), Humberto 'Heredia' (guitarra acústica), Xico de Cariño (harmónicas, salterio, chocalho, caxixi, cabaça...). Iniciaron a súa andaina en Cangas do Morrazo, 'na virada do século'. Comezaron sendo un colectivo cultural formado por músicos, musicólogos e artesáns musicais, artistas plásticos e persoas vencelladas ao asociacionismo cultural galego. O resultado do seu traballo foi o disco titulado 'Rolada das cantigas', editado en 2002, no que musicaron ou interpretaron textos de Rosalía de Castro, Neira Vilas, Manuel María, Uxío Novoneyra ou José Afonso, entre outros. O seu repertorio contén música de autor, música de raíz popular galega e música popular lusófona. (www.navirada.org)

- **Xénero:** libro-disco
- **Idade recomendada:** público infantil e adulto
- **Aspectos destacables:** reprodución de pezas cerámicas
- **Aplicacións:** divulgación da poesía e dos ritmos luso-galaico-brasileiros, coñecemento dos instrumentos populares galegos e étnicos doutras culturas; variedade instrumental, ambientación sonora